


# CPI ANTONIO ORZA COUTO

Tarefas do 4 ao 15 de maio do 2020

4ª ENTREGA



# Actividades Aula do 4 - 15 Maio 2020

## Luns Día 4 de maio de 2020

MATE: Unidades de Volumen. Ej 1(pág. 138). Repasaremos medidas de Longitud, Capacidad y Superficie.

LENGUA: Reglas G/J. Repasar (pág. 146). Haremos ej. 1, 2 (pág. 146).

C. SOC: Define Conceptos(pax 117). Repasamos “ O Reinado de Fernando VII.

## Martes día 5 de maio de 2020

LINGUA: Vocabulario NO FOGAR(pax 146). Ex 1,2 (pax 146).

MATE: Equivalencia Medidas de Capacidad/ Volumen. Ej 1, 2 (pág. 139).

C. NAT: Repasamos “O Efecto da calor sobre os obxectos”.Define Conceptos(pax 119).

## Mércores día 6 de maio de 2020

MATE: hacemos ejercicios 2, 3, 5 (pág 140). Repasamos Medidas de Longitud y Superficie.

LENGUA: Repaso Reglas de uso G/J. Dictado G/J (pág 147).

LIBRE CONFIGURACIÓN: Repaso clases de palabras; incidiremos en formas verbales.

C. SOC: Repasamos o Tema 7.

C.NAT: Revisamos A luz unha forma de enerxía(pax 120). Ex 1, 2, 5 (pax 120).

## Xoves día 7 de maio de 2020

MATE: Ej 6(pág 140). Repaso de las unidades agrarias. Ej. 7 (pág. 141).

LINGUA: Revisar Siglas e Abreviaturas (pax.147).Ex 9(pax 147).

ART: The Picnic.” Drawing Dictation”. Sara and Liz are having a picnic in the country with their friends. There is a big red and white tablecloth with lots of food and drink. There are sandwiches, various fruits and chocolate muffins. They have got coke and orange juice and big bottles of water. Some children are reading books under a large tree. A boy is sleeping in the sun, and nearby a girl is playing the guitar. But look! The ants are carrying away a chocolate muffin!

C. SOC: Repasamos O Reinado de Isabel II. Faremos ex. 4, 6 (pax. 119).

## **Venres día 8 de maio de 2020**

LINGUA: Repasar Preposicións e Conxuncións (pax 148). Ex 3 (pax 148).

MATE: Repaso de Unidades Agrarias y Medidas de Superficie. Ej 12, 13 (pax 141).

LENGUA: Repaso SUJETO/ PREDICADO. Ej.1,2 (Pág.148).

## **Luns día 11 de maio de 2020**

MATE: Repaso Medidas De Superficie y Volumen. Ej. 10, 15, 16 (pág.141).

LENGUA: Repaso Partes da Oración. Ej 4, 6 (pág.149).

C.SOC: Repasamos O Camiño Cara A Democracia (pax 120). Ex 1 (pax 120).

## **Martes día 12 de maio de 2020**

LINGUA: Falamos de Ricardo Carvalho Calero. Empezaremos a facer unha actividade sobre o autor.

MATE: Unidades de Tiempo; repasamos. Haremos ej. 1, 2 (pág. 146).

C. NAT: Repasamos “ Comportamento dos materiais fronte da luz” (pax 121). Define Conceptos (pax 121).

## **Mércores día 13 de Maio de 2020**

MATE: Operaciones con Cantidades de Tiempo; repasamos. Ej. 1 (pág. 147).

LENGUA: Repaso Verbos, sustantivos y adjetivos. Ej 5 (pág 151).

LIBRE CONFIGURACIÓN: Rematamos traballo para As Letras Galegas.

C. SOC: Romanticismo, Realismo, Modernismo e Impresionismo (pax 122, 123). Define Conceptos (pax 123).

C.NAT: Comportamento da Enerxía e as Forzas (paxs 122, 123). Define Conceptos (pax 123).

## **Xoves día 14 de Maio de 2020**

MATE: Repaso Unidades de Tiempo. Ej 2, 3,4 (pág 147).

LINGUA: Repaso Grupos Consonánticos PT/PC (pax 150), B+ consoante(Pax 151). Buscar e crear unha noticia.

ART: Internacional Museum Day (a sculpture of a cat) – 85.

C.SOC: Repasamos o tema 7 e faremos o esquema (pax 124).

## Venres día 15 de Maio de 2020

LINGUA: Resumo (pax 156).

MATE: Medida de ángulos (pág 148). Ej 1,2 (pág 148).

LENGUA: Soneto y Romance (pág 153). Resumo (pág 156).

**NOTA:** As actividades levaranse a cabo na libreta. As solucións irémolas vendo e resolvendo a través da aplicación. Incluío unha ficha de reforzón de Lingua e unha comprensión lectora, que faredes directamente sobre a ficha impresa sen necesidade de copiar na libreta.

A profe, Cristina Sánchez.




# CPI ANTONIO ORZA COUTO

## Comprensión Lectora e Reforzo



4ª ENTREGA



Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

Era mércores, e por algunha desas cousas da vida, atopábame na biblioteca municipal. Non era a primeira vez que ía, pero tampouco se pode dicir que fose un siareiro habitual (para ser sincero, direi que era a segunda vez que me deixaba caer por alí). Aquel mércores fora acompañando ao Albert, pois el tiña que consultar unhas cousas nunha enciclopedia grande, de tapas verdes, para un traballo escolar.

Albert pedírame que o axudase, pero eu téñolle unha pouca alerxia á letra miúda, e, nas enciclopedias, ben sabedes, todo é letra de pulga.

Total, que levaba por aí media hora agardando a que o meu amigo terminase de copiar e xa estaba aborrecido de mirar para a xente, para as rapazas e as tapas dos libros. De maneira que collín un dos libros que tiña ao alcance da man para lle mirar os debuxos.



Albert continuaba transcribindo o que puña na enciclopedia. Batinlle co cóbado para que acabase axiña e el arrenegou porque dicía que lle riscara na libreta. Agnés, a bibliotecaria, con cara de poucos amigos, ordenou silencio e ficou mirando para min coma se eu fose o causante do barullo.

Cando a bibliotecaria deixou de mirarme, díxenlle ao Albert que apurase, se quería que lle ensinase a miña colección de lagostinos disecados. Nin caso. Albert seguiu copiando con toda a paciencia do mundo e, por riba, a penas se acalorou ao lanzar a ameaza:

– Mira, rapaz, se non me deixas ver a túa colección, eu non che dou os adhesivos das motos «repes».

Por se acaso, calei a boca.

Josep Gregori: *Movida na biblioteca*, Edicións Xerais (adapt.).



1 En que espazo ten lugar este texto?

.....

2 Cando sucede a historia?

.....

3 Por que o neno estaba nese lugar?

.....

- Como se chama o seu amigo?

.....

4 Vai alí con moita frecuencia?

.....

5 Por que non lle gustan as enciclopedias?

.....

6 Quen é Agnés?

.....

- Por que se enfadou?

.....

7 Que cres que sucederá despois?

.....

.....

.....

.....

.....



**1** Clasifica as seguintes palabras en catro familias léxicas:

doer, panadaría, ordenador, empanar, floral, florería, pan, doenza, orde, indolente, flor, panadeiro, desorde, florecer, doloroso, aflorar, ordenar

a) .....

b) .....

c) .....

d) .....

**2** Pon unha A (voz activa) ou unha P (voz pasiva) ao lado de cada oración:

– Eva sacou unha fotografía. ....

– O museo foi inaugurado polo concelleiro de cultura. ....

– Os gañadores foron elixidos por un xurado de expertos. ....

– O seu equipo gañou a medalla de bronce. ....

– Ela colleu un libro na biblioteca. ....

– A súa chaqueta foi atopada pola policía. ....

**3** Completa con *b* ou con *v*:

a.....ogado                      mara.....illoso                      esti.....era

su.....inspector                      .....ufanda                      no.....elo

descri.....ir                      acti.....o                      sou.....en

co.....arde                      .....uscar                      mó.....il

.....illa                      .....oda                      a.....oa

**4** Rodea os textos que estean en estilo indirecto:

– A profesora dixo: «Recollede as vosas cousas».

– Papá dixo que xa era hora de marchar.

– Paula berrou: «Estou esgotada!».

– O rapaz dixo que se atopaba mal.

– Ela díxonos que mañá iríamos ao teatro.

– O meu amigo berrou: «Comezaron as vacacións!».






# CPI ANTONIO ORZA COUTO



Letras Galegas 2020



Ricardo  
Carballo  
Calero

Letras  
Galegas  
2020



CPI Plurilingüe

Antonio Orza Couto

6º B PRIMARIA

TITORA: CRISTINA SÁNCHEZ

 Seminario Galán.org



*Sr. Camacho Calles*

6º Educación primaria

Día das letras galegas 2020

**ACTIVIDADES  
EDUCACIÓN PRIMARIA**

***OS CATRO***

***A CIDADE***

**6º**



**SEMINARIOS RICARDO CARVALHO CALERO  
LETRAS GALEGAS 2020**

## RICARDO CARVALHO CALERO

## 6º EP

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.<sup>a</sup> Dolores e Gabriel Ricardo.

Os seus primeiros estudos foron nun colexio da rúa Magdalena e despois no Colexio Sagrado Corazón de Xesús, dirixido polo escritor Manuel Comellas. Fixo o bacharelato por libre e trasladouse a Compostela a estudar na súa universidade.

Foi un gran defensor do idioma galego e membro do Seminario de Estudos Galegos onde coñeceu a Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas...

Traballou en moitas revistas galegas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*...

En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, como profesor contratado, á universidade compostelá da que se converteu no seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.

É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía, novela e moitos estudos sobre a lingua e a literatura galega.


Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

Faleceu en Compostela no ano 1990.

Polo seu labor en defensa do idioma e cultura galega a Real Academia Galegas dedícalle o Día das Letras.



RICARDO CARVALHO CALERO



**TEATRO COMPLETO**, PUBLICADO EN 1982, RECOLLE TODAS AS OBRAS TEATRAIS DE RICARDO CARVALHO.

# ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHO CALERO 6º ED. PRIMARIA

1.- Completa a ficha cos datos de Ricardo Carvalho Calero.

FERROL A NOSA TERRA SANTIAGO RESOL M.<sup>a</sup> DOLORES  
GALIZA GABRIEL RICARDO GUIÓN A CORUÑA CALERO  
RICARDO NÓS LINGUA GALEGA CARVALHO

**APELIDOS**

**NOME**

**FILLO DE**

e

**NADO EN**

**PROVINCIA**


**TRABALLOU NAS REVISTAS**

**FOI O 1º CATEDRÁTICO DE**

**NA UNIVERSIDADE DE**

2.- Cando se editou *Gramática Elemental del Gallego Común*, a Ricardo Carvalho Calero pagáronlle 30.000 pesetas, que era a moeda daquela, e por cada libro vendido cobraba 0,50 pesetas.

Se vendeu 2.526 libros, cantas pesetas cobrou? Sabendo que o euro equivale a 166,386 pesetas, cantos euros cobraría?



3.- Une e colorea da mesma cor as parellas resultantes.

NACEU EN FERROL	●	●	ROSALÍA DE CASTRO
FALECEU EN 1990 EN	●	●	LINGUA E LITERATURA GALEGA
ESTUDOU NA UNVERSIDADE DE	●	●	GRAMÁTICA DO GALEGO
FOI MEMBRO DO	●	●	EN 1910
TRABALLOU NAS REVISTAS	●	●	COMPOSTELA
TRABALLOU NO INSTITUTO	●	●	SANTIAGO DE COMPOSTELA
FOI CATEDRÁTICO DE	●	●	A NOSA TERRA e NÓS
ESCRIBIU UNHA	●	●	SEMINARIO E. GALEGOS

4.- Ricardo Carvalho defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa. Escribía seguindo a normativa reintegracionista; algunhas das súas características son as seguintes:

**Uso do diptongo «ui».**

**Diante de «e» e «i» o uso de «g» é o habitual.**

Arrodea as palabras que seguen dita normativa:

*Eu quería muito aos meus tres irmáns, e sendo como era o primogénito, daba-me diante deles un certo ar inofensivo...*

*No colégio levaba mui boas notas.*

*Gostaba de saír de paseo co meu pai...*

*Tomaba mui en sério o que me ensinaban...*

*Mais, a dicer verdade, daquela a miña verdadeira arela era ser general.*

5.- Completa a táboa.

NOME DO ESCRITOR	ANO DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO

- Ricardo Carvaho naceu na sétima cidade máis habitada de Galiza no décimo ano do século XX.
- Castelao naceu nunha vila da provincia da Coruña pertencente á comarca do Barbanza e coñecida pola canción popular galega «A rianxeira». Naceu dous anos máis tarde que Vicente Risco.
- Vicente Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas naceron na terceira cidade máis poboada de Galicia, coñecida como A Cidade das Burgas.
- Vicente Risco naceu 26 anos antes que Ricardo Carvalho.
- Cuevillas naceu dous anos máis tarde que Risco.
- Otero Pedrayo naceu dous anos máis tarde que Castelao e Cuevillas.

6.- Localiza o nome de cinco revistas nas que colaborou Ricardo.

A NOSA TERRA NÓS GUIÓN GALIZA RESOL

Z	G	V	A	N	O	S	A	T	E	R	R	A
M	L	N	S	O	H	A	G	F	B	X	N	C
X	B	E	D	S	G	Q	U	S	C	V	D	Z
F	C	S	L	G	A	L	I	Z	A	Ñ	R	Q
N	H	Z	A	V	N	R	O	F	S	Z	G	Ñ
X	C	R	E	S	O	L	N	B	H	X	L	D



### **OS CATRO** **RICARDO CARVALHO CALERO**



Eu queríaalles moito aos meus tres irmáns, e sendo como era o primoxénito, dábame diante deles un certo ar inofensivo de persoa maior. No colexio levaba moi boas notas. Gustaba de saír de paseo con meu pai, e facíalle constantemente preguntas. Tomaba moi en serio o que me ensinaban, e cría que todo aquilo era moi útil. Levaba camiño de ser un sabio, e non un home de negocios. Mais, a dicir verdade, daquela a miña verdadeira arela era ser xeneral. Non tiña moitos amigos, e pasaba gran parte dos domingos nun faiado da casa, acoitelando cun bastón un sofá vello. A guerra, para min, era inseparable da esgrima.



Ricardo Carvalho con Francisco Fernández del Riego, na Alameda de Santiago en 1932.



1.- Escribe o sinónimo correcto das palabras que faltan.

**ansia – caxato – aspecto – contenda**

- «... dábame diante deles un certo \_\_\_\_\_ inofensivo de persoa maior.»
- «... daquela a miña verdadeira \_\_\_\_\_ era ser xeneral.»
- «... acoitelando cun \_\_\_\_\_ un sofá vello.»
- «A \_\_\_\_\_, para min, era inseparable da esgrima.»

2.- E ti que farías un domingo calquera no faiado? Atopa outro final para esta oración e ilústraa.

*«Non tiña moitos amigos, e pasaba gran parte dos domingos nun faiado da casa, acoitelando cun bastón un sofá vello.»*

Non tiña moitos amigos, e pasaba gran parte dos domingos nun faiado da casa, \_\_\_\_\_



3.- *Inofensivo* é un adxectivo que describe unha persoa ou animal que non fai dano. Serías quen de atopar outros adxectivos non tan positivos? Escríbe cada adxectivo na definición correcta.

- Que ten o sentido momentaneamente perturbado: \_\_\_\_\_
- Que non é amigo de traballar. : \_\_\_\_\_
- Que é dada a facer falcatruadas: \_\_\_\_\_
- Que fala mal dos demais, conta cousas que debería calar: \_\_\_\_\_
- Que fai mal as cousas ou sen éxito: \_\_\_\_\_
- Que presume ou fai alarde do que non é ou non ten: \_\_\_\_\_

GANDULO	LERCHO	GROSEIRO
EGOÍSTA	AVARA	FANFARRÓN
CHAFALLEIRA	FALCATRUEIRA	BURLÓN
APAMPADA	EGÓLATRA	ROSMONA



apampada gandulo falcatrueira lercho chafalleira fanfarrón

4.- Como era o narrador? Completa.

- O narrador era tenro porque... \_\_\_\_\_
- Era aplicado porque... \_\_\_\_\_
- Tiña un espírito curioso porque... \_\_\_\_\_
- Era formal porque... \_\_\_\_\_
- Era pouco sociable porque... \_\_\_\_\_

5.- Que significa primoxénito?

6.- Cal era a súa arela?

7.- Ricardo quería mercar unha espada de madeira que tiñan na xoguete-ría. Custaba 35,70 euros. El só tiña  $\frac{2}{3}$  dos cartos e seu pai prometéralle 7 euros. Cantos cartos lle faltan para mercar a espada de madeira?




8.- Parece que Ferrol está vencellada ao seu Arsenal, á Mariña e á vida militar. Poderías localizar nesta sopa de letras nomes relacionados coas graduacións militares?

MARIÑEIRO GRUMETE ALMIRANTE CABO SARXENTO ALFÉREZ TENENTE CAPITÁN

M	A	R	I	Ñ	E	I	R	O	C	B	G
A	L	F	E	R	E	Z	X	N	Z	L	R
Z	G	V	X	B	Z	B	C	M	C	V	U
X	N	C	A	P	I	T	A	N	Z	L	M
T	E	N	E	N	T	E	B	G	X	F	E
S	A	R	X	E	N	T	O	N	C	Z	T
C	X	Z	A	L	M	I	R	A	N	T	E



9.- Ao longo da historia houbo moitos conflitos bélicos. Saberías ordenar estes acontecementos polo século no que sucederon?



**GUERRA CIVIL**

**GUERRA DE FRANDES**

**BATALLA DE LEPANTO**

**A RECONQUISTA**

**GUERRA DE CUBA**

**GUERRA DA INDEPENDENCIA**

**SÉCULO XX**


**SÉCULO XIX**

**SÉCULO XVIII**

**SÉCULO XVII**


**SÉCULO XVI**

**SÉCULOS VIII-XV**



10.- Que coñeces da esgrima? Coloca cada nome onde lle corresponda.

**CARUTA FOLLA CHAQUETIÑA REIXA  
PUNTA PANTALÓN ZAPATOS MEDIAS  
LUVAS**



18.- Na esgrima hai moitos movementos. Localízalos.

ATAQUE  
PARADA  
RESPOSTA  
GOLPE  
DESENGANCHE  
MANTIDA  
AVANCE

X	E	C	R	E	S	P	O	S	T	A	Q
D	E	S	E	N	G	A	N	C	H	E	I
E	T	X	U	L	O	R	E	Ñ	C	Q	R
I	C	O	E	H	L	A	T	A	Q	U	E
R	L	E	G	O	P	D	X	U	C	L	Ñ
A	V	A	N	C	E	A	U	Q	X	R	O
M	A	N	T	I	D	A	X	T	C	U	Q



### **A CIDADE** **RICARDO CARVALHO CALERO**



Na cidade vivían moitos ingleses. Eran técnicos na construción de buques. Vestían os seus nenos de *jókeys* e fumaban en cachimba. Tiñan unha escola propia e unha capela evanxélica.


A cidade estaba chea de mariñeiros e soldados. Os desfiles militares eran moi vistosos, pois había tricornios, cascos e penachos. En Corpus, as forzas da guarnición cubrían a carreira, e na procesión figuraban todos os santos das igrexas. Claro está que era esta a procesión que os nenos preferiamos.

Daquela non había automóbiles, senón coches de cabalos. Non había conducción de augas. Había mulleres que arrecadaban en sellas a auga das fontes, en fermosas sellas de aros dourados.

Todo o mundo coñecía as divisas dos oficiais de mariña; todo o mundo sabía algunhas palabras de inglés.

Eu nacera no máis vello da cidade, nunha casa que daba á Praza Vella, onde se celebraba unha feira cada mes. A praza poboábase entón de labregos que mercaban zocas, peneiras, loras, sellas, paxes, patelas...

As rúas estaban enlousadas con grandes lousas. Aínda ficaban soportais nalgúns lugares. Había cine dous días á semana. As donas usaban corsé, e os señores rizaban os bigotes.



# ACTIVIDADES A CIDADE

6º ED. PRIMARIA

1.- Que eran os ingleses?

---

2.- De que persoas estaba chea a cidade?

---

3.- Que cres que son os tricornios, cascos e penachos?

---

4.- Que había en vez de automóbiles?

---


5.- Para que se utilizan as sellas?

---

6.- Que seis cousas mercaban os labregos?


---

7.- Os meus tíos de Londres déronme 25 libras. Se a unha libra correspóndelle 1,16 euros e no banco cóbranme o 0,1% polo cambio, cantos euros son en total?



8.- No texto aparece o anglicismo *jockey*; serías quen de completar as oracións co anglicismo correcto e atopar as correspondentes formas correctas en galego?

*jockey* *sándwich* *bisté* *tícket* *show* *hobby*



- *Tiña tanta fame que enguliu dous \_\_\_\_\_ dunha sentada.*
- *O \_\_\_\_\_ fustrigou a súa montura para saltar a sebe.*
- *A Rosalía interésalle a ciencia e o seu \_\_\_\_\_ favorito é o estudo dos minerais.*
- *Un dos \_\_\_\_\_ máis exquisitos que hai é o de polbo con queixo quente de San Simón.*
- *Hai unha semana fun coa miña familia ao teatro a ver un \_\_\_\_\_ de ilusionismo.*
- *Sempre perde o \_\_\_\_\_ do coche de liña.*

<i>xinete</i>	<i>emparedado</i>	<i>filete</i>	<i>billete</i>	<i>espectáculo</i>	<i>pasatempo</i>



9.- No texto aparece o xentilicio *inglés*, que procede de Inglaterra. Canto sabes desta nación e do país ao que pertence? Escribe estas palabras no lugar que lle corresponda.

raíña Isabel II	equipos de fútbol	Reino Unido
Londres	Gran Bretaña	té

- *Inglaterra xunto con Gales, Escocia e Irlanda do Norte forman un estado que ten como nome: \_\_\_\_\_*
- *Dito país ten como capital a mesma capital que Inglaterra: \_\_\_\_\_*
- *Escocia, Gales e Inglaterra forman: \_\_\_\_\_*
- *Arsenal F.C., Manchester United F.C. ou Tottenham Hotspur F.C. son nomes de \_\_\_\_\_ ingleses.*
- *No Reino Unido consómense arredor de 60.000 millóns de tazas de \_\_\_\_\_ ao ano.*
- *A \_\_\_\_\_ envía cada ano unha felicitación personalizada a cada persoa que cumpra 100 anos.*



10.- A zoca é un calzado rústico dunha soa peza, enteiramente de madeira, que leva tacos para evitar a humidade e se calza sobre os pés protexidos por carpíns, zapatillas etc.

Poderías completar a táboa? (algunha pódese repetir)

**MATERIAL:** goma – madeira – neopreno – metal lixeiro – plástico – la – metal



**UTILIDADE:** auga – xeo – frío – humidade – neve

TIPO DE CALZADO	MATERIAL	UTILIDADE
ZOCAS		
CARPÍN		
CATIÚSCAS		
ESCARPÍNS		
ALETAS		
RAQUETAS		
CRAMPÓN		

XELO	METAL	CRAMPÓN
NEVE	METAL/PLÁSTICO	RAQUETAS
AUGA	GOMA	ALETAS
AUGA	NEOPRENO	ESCARPÍNS
AUGA	GOMA	CATIÚSCAS
FRÍO	LA	CARPÍN
HUMIDADE	MADEIRA	ZOCAS
UTILIDADE	MATERIAL	CALZADO



11.- Completa con información sobre a cidade. Despois realiza un debuxo.



12.- Verdadeiro ou falso?

Os ingleses dedicábanse á construción naval.


Os nenos ían á escola pública.

Os desfiles castrenses eran aparatosos.

As mulleres utilizaban garrafas para recoller a auga das fontes.

Os habitantes da cidade entendían palabras como: *hello, goodbye, thank you, good morning* etc.

13.- Resolve o encrucillado co nome dos obxectos que mercaban os labregos na feira da Praza Vella.



## HORIZONTALS

- 1.- Cestos de vimbio ou varas con dúas asas ou un aro.
- 2.- Cestas ou caixas de bordo baixo, que utilizan as peixeiras para transportar e expoñer o peixe.
- 3.- En plural. Calzado rústico dunha soa peza, enteiramente de madeira, que leva tacos ou chatolas para evitar a humidade e se calza sobre os pés protexidos por carpíns, zapatillas etc.
- 4.- Aros dobrados que van no centro do xugo e que serven para suxeitar este ao temón do arado ou á cabezalla do carro, por medio da chavella.
- 5.- Recipientes formados por táboas de madeira unidas e fixadas por arcos de metal, máis anchos no fondo ca na cima, que se empregan sobre todo para carrexar e conter auga.
- 6.- Caixa de madeira, con fondo de rede de metal de malla, que se emprega para separar as partículas de distinto grosor como a fariña, a area etc.

1.- PAXES 2.- PATELAS 3.- ZOCAS 4.- LORAS 5.- SELLAS 6.- PENEIRA

14.- *A todo filispín* é unha expresión típica de Ferrol, tomada do inglés «*full speed*». Saberías relacionar estas expresións co seu significado? Pinta da mesma cor o dito co seu significado.

**En San Xoán ás nove con día dan.**

**SEN PASARSE**

**Ir a fume de carozo.**

**NON VOU FACER O MESMO**

**Desta auga non beberei.**

**COMER O QUE HAXA**

**Nin tanto, nin tan pouco.**

**AGUANTAR CO QUE TOCA**

**A falta de pan, boas son tortas.**

**OS DÍAS SON LONGOS**

**A mal tempo, boa cara.**

**A TODA VELOCIDADE**

